



## CAMPO DE VOLUNTARIADO “RURAL INFLUENCERS” (CERDEDO-COTOBADA, PONTEVEDRA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
17-28/08/2021	18-30	Estatal	Audiovisual e patrimonial	12

### LOCALIZACIÓN



Cerdedo-Cotobade é un concello da provincia de Pontevedra creado o 22 de setembro de 2016 a partir da fusión dos concellos de Cerdedo e de Cotobade.

Ten uns 6000 habitantes e unha superficie de 214,5 km<sup>2</sup>. Limita cos concellos de Pontevedra, Campo Lameiro, A Estrada, Forcarei, A Lama e Ponte Caldelas.

O seu maior reclamo turístico radica en que posúe unha gran riqueza cultural e etnográfica relacionada cos traballos tradicionais en pedra e coa auga, dos cales se conservan diferentes monumentos, muíños...

NOTA: este campo non dispón de accesos para persoas con discapacidades físicas.

### DESCRICIÓN DO CAMPO

Afrontamos o reto de poñer en valor a riqueza patrimonial inmaterial do acervo cultural e popular das nosas persoas maiores, as verdadeiras “influencers” do rural galego.



Realizaremos diversas accións de dinamización artística e cultural ca veciñanza maior desenvolvendo intervencións de animación (obradoiros, performances) e a creación dun traballo multimedia audiovisual (exposición fotografía e dinamización en redes sociais), a partir da recollida de información etnográfica. Colaboraremos así tamén na posta en valor, a través do seu coñecemento popular, do patrimonio ambiental, cultural e social de zonas vencelladas ao Camiño pola Vía Mariana Luso Galaica.

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Ruta en kaiak de mar, rutas en *paddlesurf*, visita á Illa de Arousa, Santiago de Compostela, e saídas culturais.

NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e están suxeitas a modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo.

### COMO CHEGAR

Dende Santiago pódese viaxar por estrada en bus ([www.monbus.es](http://www.monbus.es)) ou en tren ata Pontevedra.

Dende Vigo o servizo de autobús préstao a compañía [www.monbus.es](http://www.monbus.es) ata Pontevedra. Tamén se pode facer o traxecto en tren.

Lugo-Pontevedra e Ourense-Pontevedra, por estrada, tamén o fai a compañía [www.monbus.es](http://www.monbus.es)

### ALOXAMENTO

CEIP Carballedo  
 Carballedo, s/n  
 36856 Cotobade  
 En liteiras,



### INCORPORACIÓN

O primeiro día a partir das 16:00 h no lugar do aloxamento ou na estación de autobuses de Pontevedra. É necesario contactar previamente para comunicar por correo electrónico a hora de chegada ao dito punto de encontro.

### COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, título de familia numerosa ou familia



## CAMPO DE VOLUNTARIADO “RURAL INFLUENCERS” (CERDEDO-COTOBADA, PONTEVEDRA)

monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

### DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario



ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos informes médicos pertinentes e/ou do hospital no que se atopara ingresado o/a interesado/a.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, de ser o caso.

### EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha
- Saco de durmir e mochila para rutas
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo
- Roupas: de deporte (suadoiros), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas), de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo en caso de choiva ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (guantes, gorro, calzado cómodo, botas de montaña...).

### DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

### SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

### CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tfno.: 981 957 115

[camposdetraballo.xuventude@xunta.gal](mailto:camposdetraballo.xuventude@xunta.gal)

[www.facebook.com/xuventude.net](https://www.facebook.com/xuventude.net)

Servizo de Xuventude de Vigo. Tfno.: 986 817 079



### INFORMACIÓN ADICIONAL

[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net). Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

[www.cerdedo.org](http://www.cerdedo.org) [www.concellodecotobade.org](http://www.concellodecotobade.org)

Información sobre o Concello de Cerdedo-Cotobade, situación, turismo, transportes, accesos...